

UN NOVO EXEMPLO DE ARQUITECTURA PRERROMÁNICA EN GALICIA. A ÁBSIDA DE SAN REMIXIO DE LIBER (BECERREÁ)

IGNACIO CABARCOS FERNÁNDEZ
IES de Becerreá (Lugo)
ignacio.cabarcos@edu.xunta.gal
ORCID iD: <https://orcid.org/0009-0007-9479-8496>

Copyright: © 2025 CSIC. La edición electrónica de esta revista se distribuye bajo los términos de una licencia de uso y distribución Creative Commons Reconocimiento 4.0 Internacional (CC BY 4.0).

Cómo citar/Citation: Ignacio CABARCOS FERNÁNDEZ, “Un novo exemplo de arquitectura prerrománica en Galicia. A ábsida de San Remixio de Liber (Becerreá)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 72, núm. 138 (2025), 577, <https://doi.org/10.3989/ceg.2025.138.577>

UN NOVO EXEMPLO DE ARQUITECTURA PRERROMÁNICA EN GALICIA: A ÁBSIDA DE SAN REMIXIO DE LIBER (BECERREÁ)

RESUMO

A pequena igrexa rural de San Remixio de Liber (Becerreá) apenas ten sido obxecto de estudo ata o momento. A súa ábsida, a parte considerada máis antiga, viña sendo datada na época románica, mentres o resto da construción simplemente era ignorada. O obxectivo deste traballo é estudar este edificio desde a perspectiva da historia da arte, revisando a bibliografía previa, analizando a documentación histórica conservada e usando o método comparativo, para revisar a súa datación e adscripción artística. O estudo conclúe que a ábsida amosa uns trazos que permiten considerala unha construción prerrománica, máis concretamente do século X, relacionada coa moi próxima Santo André das Nogais e a non moi afastada San Salvador de Samos. Tamén se investiga a antigüidade da súa estraña e pouco frecuente advocación, para concluir que se debe a unha innovación da Idade Moderna.

PALABRAS CLAVE: Arco de Ferradura; Bóveda de Ferradura; Igrexas altomedievais; Ménsula; Século X.

UN NUEVO EJEMPLO DE ARQUITECTURA PRERROMÁNICA EN GALICIA: EL ÁBSIDE DE SAN REMIXIO DE LIBER (BECERREÁ)

RESUMEN

La pequeña iglesia rural de San Remixio de Liber (Becerreá) apenas ha sido objeto de estudio hasta el momento. Su ábside, la parte considerada más antigua, ha venido siendo datada en época románica, mientras el resto de la construcción simplemente fue ignorada. El objetivo de este trabajo es estudiar este edificio desde la perspectiva de la historia del arte, revisando la bibliografía previa, analizando la documentación histórica conservada y usando el método comparativo para revisar su datación y su adscripción artística. El estudio concluye que el ábside muestra unos rasgos que permiten considerarlo una construcción prerrománica, más concretamente del siglo X, relacionada con la muy próxima Santo André das Nogais y la no demasiado lejana San Salvador de Samos. También se investiga la antigüedad de su extraña y poco frecuente advocación, para concluir que se debe a una innovación de la Edad Moderna.

PALABRAS CLAVE: Arco de Herradura; Bóveda de Herradura; Iglesias altomedievales; Ménsula; Siglo X.

A NEW EXEMPLE OF PRE-ROMANESQUE ARCHITECTURE IN GALICIA: THE APSE OF SAN REMIXIO DE LIBER (BECERREÁ)

ABSTRACT

The small rural church of San Remixio in Liber (Becerreá) has barely been the subject of study until now. Its apse, the part considered to be the oldest, has traditionally been dated back to the Romanesque period, while the rest of the building has simply been ignored. The aim of this work is to study the building from the art history perspective, reviewing the previous literature, analyzing the preserved historical documents and using the comparative method to reassess its dating and artistic classification. The study concludes that the apse shows features that allow us to consider it a pre-romanesque construction, more specifically from the 10th century, closely related to the nearby Santo André in As Nogais and the relatively close San Salvador in Samos. The study also investigates the origin of its unusual and rare dedication, concluding that it is due to a Modern Age innovation.

KEY WORDS: 10th Century; Corbel; Early medieval churches; Horseshoe arch; Horseshoe vault.

A igrexa parroquial de San Remixio de Liber está situada na bisbarra dos Ancares lucenses. Pertence ao concello de Becerreá desde o punto de vista administrativo, e do eclesiástico ao arcebispo de Cervantes, ata mediados do século XX denominado de Cervantes-Cancelada, nome que fai referencia á antiga xurisdición da que formaba parte a parroquia na Baixa Idade Media e durante todo o Antigo Réxime, o Val de Cancelada. Este distrito, xunto cos de Cervantes e Valboa, constituía unha das subdivisións baixomedievais da parte meridional do antigo territorio altomedieval de Navia¹.

O templo aparece hoxe illado dos núcleos de poboación, rodeado só do camposanto parroquial e pechado por un muro baixo de pedra de lousa que delimita o adro. Está situado moi cerca do río Navia, nunha terraza claramente artificial na pendente do val. Seguindo o mesmo río, ou subindo ata a estrada LU-722 e tras pasar pola propia aldea de Liber, chegamos á lendaria “Ponte do Demo”, a ponte medieval que salva o Navia nas Pontes de Gatín, lugar pertencente tamén a esta parroquia. Esta ponte é a sucesora da *Pons Naviae*, que deu nome a unha *mansio* da vía romana XIX asentada seguramente nas proximidades do núcleo das Pontes de Gatín. Esta vía seguiu sendo usada na Idade Media, cando vai condicionar en boa medida a implantación da poboación e dos patrimonios señoriais das institucións eclesiásticas con presenza na bisbarra², e parece ter motivado durante a Alta Idade Media a instalación de mosteiros e institucións relixiosas, nalgúns casos con importantes restos prerrománicos³.

Hoxe a igrexa de San Remixio amósasenos como un humilde templo rural, sen grandes pretensións arquitectónicas ou artísticas. Efectivamente iso mesmo é o que é, como milleiros doutras igrexas rurais galegas, e como elas ten unha historia longa e complexa, vencellada á cristianización do país, ao auxe dos abundantes e pequenos mosteiros altomedievais, á formación e consolidación da rede parroquial tras a Reforma Gregoriana, á extensión polo rural de linguaxes artísticas como a románica ou a barroca vinculadas a períodos de crecemento demográfico e económico... Nalgúns casos temos testemuños documentais e noutros restos materiais ou arqueolóxicos que nos permiten achegarnos un pouco a estas historias complexas. En casos moi excepcionais contamos con ambos tipos de fontes.

No tocante á igrexa de Liber conservamos só restos materiais, pero que salientan pola súa antigüidade e interese.

Malia ser en boa parte unha obra da Idade Moderna, a igrexa de Liber conserva unha serie de elementos acordes coas pautas prerrománicas: arco triunfal de ferradura que dá acceso a unha ábsida rectangular que se cobre cunha bóveda igualmente de ferradura. Esta ábsida conta cunha boa colección de ménsulas de tipoloxía prerrománica conservadas *in situ* no seu lado sur, mentres no norte dúas ménsulas análogas alternan con dous canzorros aparentemente románicos, posible testemuña de reformas dos

¹ Trato brevemente destas circunscripcións medievais de Cancelada e Cervantes no meu artigo “A pervivencia da vía romana XIX na Idade Media e a vertebración da Terra de Cervantes”, *Lucensia*, 64 (2022), páxs. 172-174.

² Ignacio CABARCOS FERNÁNDEZ, “A pervivencia...”, páxs. 171-194. Cómpre sinalar a presenza doutra igrexa altomedieval moi próxima e tamén a carón da vía XIX, a do antigo mosteiro de San Salvador de Cancelada, da que a diferenza de Liber se conservan escasísimos restos materiais, pero da que a documentación medieval permite coñecer parcialmente a súa historia, véxase páxs. 176-182.

³ Por exemplo, o antigo mosteiro altomedieval de San Salvador de Cancelada (San Xoán de Mosteiro, Cervantes, Lugo), á carón tamén da vía XIX, de cuxa igrexa prerrománica, a diferenza de Liber se conservan escasísimos restos materiais, pero do que a documentación medieval permite coñecer parcialmente a súa historia, véxase páxs. CABARCOS FERNÁNDEZ, “A pervivencia...”, 176-182. Ou a relación da necrópole altomedieval e a igrexa parcialmente prerrománica de San Tomé de Tórdea (Castroverde, Lugo) coa achegada vía XIX en José Carlos SÁNCHEZ-PARDO y Rebeca BLANCO-ROTEA, “Santo Tomé de Tórdea (Castroverde, Lugo). Análisis arqueológico de una iglesia de origen altomedieval”, *Gallaecia. Revista de arqueología e antigüidade*, 37 (2018), páxs. 110-111 (citado como SÁNCHEZ PARDO y BLANCO ROTEA, “San Tomé de Tórdea...”).

séculos XII-XIII. Probablemente a propia humildade da igrexa foi o que permitiu que estes elementos pasaran practicamente desapercibidos ata os nosos días.

Polo tanto, este traballo ten como principal obxectivo a revisión da datación e adscrición artística da ábsida desta igrexa ancaresa, ata o momento considerada un dos moitos exemplos da arte románica rural de fins do século XII ou da primeira metade do XIII, partindo da hipótese de que estamos ante unha obra prerrománica cunha cronoloxía situable no século X. Para confirmar esta hipótese estudáranse os paralelos tipolóxicos dos elementos máis característicos da obra, relacionándoa con outras construcións do mesmo período, en especial coa igrexa parcialmente prerrománica de Santo André das Nogais, coa que se vincula de xeito moi estreito tanto xeográfica como tipoloxicamente, e que xunto con Liber constitúe un dos escasos exemplos chegados ata os nosos días de arte prerrománica na bisbarra dos Ancares lucenses.

Polo que toca á consulta da documentación escrita, desgraciadamente ten sido imposible atopar referencias documentais á igrexa de Liber ata moi avanzada a Idade Media, sendo mencionada como parroquia por primeira vez en 1399⁴, aínda que a *villa* na que se asenta podería ter mencións xa do século XI⁵. Como veremos estaba a fins da Idade Media aínda baixo a advocación de san Breixo, sendo con posterioridade, nalgún momento da Idade Moderna, posta baixo o padroado do bispo galo san Remixio.

METODOLOXÍA

Este estudo non pretende ser máis que unha primeira aproximación aos elementos actualmente visibles da igrexa de San Remixio de Liber, e que foron obxecto dun inxusto esquecemento, feita coa metodoloxía comparativa propia da Historia da Arte e a través da revisión da historiografía precedente e da documentación escrita chegada ata nos.

O caleado dos muros da igrexa impide unha aproximación baseada na lectura dos paramentos, metodoloxía propia da Arqueoloxía da Arquitectura aplicada a tantos templos prerrománicos por L. Caballero Zoreda e os seus colaboradores, e que tan significativos achados ten dado recentemente na súa aplicación a varias igrexas galegas⁶. Moitas dúbidas e hipóteses xurdidas neste estudo só poderán ser aclaradas no futuro, cunha metodoloxía arqueolóxica baseada en escavacións sistemáticas e a lectura dos paramentos.

REVISIÓN DA LITERATURA ANTERIOR

A igrexa de Liber, dadas a súa humildade e aparente sinxeleza, non ten sido obxecto de moitos traballos histórico-artísticos ata a actualidade.

⁴ ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (en adiante ARG), *Colección documentos en pergameo*, documento 649, ES.GA.15030. ARG/3.3.1./649.

⁵ Manuel LUCAS ÁLVAREZ, *El Tumbo de San Julián de Samos (Siglos VIII-XII)*, Santiago de Compostela, Obra Social Caixa Galicia, 1986, docs. 219, páx. 402 e S-18, páx. 470. En ambos casos menciónase unha *Villa Libri* no territorio de Navia, pero ben podería ser unha referencia a Libre, lugar na parroquia de Santa María do Son, Navia de Suarna, filoloxicamente quizais máis axeitada e moito máis achegada ás outras posesións que se recollen nestes documentos. Agradezo a Xabier Moure Salgado terme advertido sobre esta mención documental.

⁶ Por exemplo no achegado, malia ser moito máis tardío, templo ancarés de Santa María de Castro en Cervantes, Rebeca BLANCO ROTEÁ, “Análisis de la iglesia parroquial de Santa María de Castro (Cervantes)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 52, 118 (2005), páxs. 9-38, en especial páxs. 23-36. José Carlos SÁNCHEZ PARDO, Rebeca BLANCO ROTEÁ y Jorge SANJURJO SÁNCHEZ, “Tres arquitecturas altomedievales orensanas: Santa Eufemia de Ambia, San Xés de Francelos y San Martiño de Pazó”, en *Arqueología de la Arquitectura* [revista electrónica], 14 (2017), dispoñible en <<http://dx.doi.org/10.3989/arq.arqt.2017.017>> [Consulta: 10/11/2023] (citado como SÁNCHEZ PARDO, BLANCO ROTEÁ y SANJURJO SÁNCHEZ, “Tres arquitecturas”). Un exemplo especialmente significativo para a comprensión da igrexa de Liber en SÁNCHEZ PARDO y BLANCO ROTEÁ, “San Tomé de Tórdea...”, páxs. 103-126, na que aplican esta metodoloxía a unha igrexa moi achegada no xeográfico á de Liber e con restos altomedievais tipoloxicamente tamén moi próximos.

O primeiro estudo e tamén o máis completo foi o realizado por Elías Valiña Sampedro para o Inventario Histórico Artístico da Provincia de Lugo⁷. Nel descríbese polo miúdo a igrexa, descrición que se completa cun plano⁸.

No tocante ao estudo histórico-artístico Valiña Sampedro interpreta a ábsida rectangular, o arco triunfal –que considera de medio punto- e os canzorros que sustentan a cuberta do presbiterio como exemplos dun románico rural moi humilde. O autor non data porén a nave da igrexa –supoñemos que debido á falta de elementos artísticos característicos e datables-, que considera simplemente moi posterior ao románico.

A diferenza da nave, o autor fai un estudo do retablo e das súas imaxes moi pormenorizado, aportando datos sobre o tallista das imaxes Andrés de Benavente, e sobre a súa realización no último terzo do século XVII.

Este estudo, breve pero meritorio, será a base que condicionará os traballos posteriores, que seguirán a ignorar elementos tan significativos coma os claros arcos de ferradura da bóveda e do arco triunfal, e a maioría das ménsulas e canzorros da ábsida da igrexa.

Un moi breve estudo posterior de Jaime Delgado Gómez segue e resume as conclusións do de Valiña Sampedro⁹.

No traballo máis recente de Amalia Pérez Valiño¹⁰ séguese a considerar a ábsida como románica, malia sinalar claramente que o arco triunfal ten “tendencia” á ferradura¹¹ e que a maioría dos canzorros son “más semejantes a ménsulas que a canecillos”. Pero a autora aparentemente interpreta estes elementos como unha formulación arcaizante dentro dun románico popular, e indica que *el templo primitivo posiblemente sea de origen prerrománico (...) sin embargo, ha sido claramente reformulado para adaptarlo al lenguaje románico que podemos enmarcar hacia principios del siglo XIII*¹².

DESCRICIÓN DA IGREXA

Actualmente atopamos unha sinxela construción dunha única nave con cuberta de lousa a dúas augas, cunha pequena ábsida rectangular.

Os testeiros oriental e occidental da nave presentan unha largura e altura superior aos muros laterais, dos que sobresaen en tres das súas esquinas –agás o canto occidental do lado do Evanxeo-, e especialmente no lado da Epístola, adquirindo a aparencia e función de grandes contrafortes que reforzan un edificio construído nunha pendente. Quizais teñamos que relacionar estes elementos cunha reconstrución posterior, meramente utilitaria, dos muros norte e sur da nave, realizada a finais do século XVII polo construtor local Froilán Fernández, que construíu estes muros laterais cunha clara desviación do eixo con respecto á ábsida e aos testeiros, desviación ben perceptible no plano. Esta diferenza de altura, largura e orientación dos muros laterais da nave con respecto aos muros occidental e oriental provoca unha clara impresión de desleixo e rusticidade na obra actual.

A nave, sen pretensións artísticas, non amosa elementos tipolóxicos datables, podendo ser considerada un exemplo típico da construción tradicional local. Soportan a cuberta traveses de madeira unidas por tirantes do mesmo material, sobre as que se dispoñen os cangos de madeira nos que se crava a

⁷ Elías VALIÑA SAMPEDRO, “Liber. Becerreá”, en Elías Valiña Sampedro, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, vol. 3, Ministerio de Cultura, Madrid, 1960, páxs. 396-398.

⁸ VALIÑA SAMPEDRO, “Liber...”, pág. 397. Consideramos preferible acompañar este artigo cun plano de elaboración propia, dado o esquematismo e “regularización” que observamos neste plano.

⁹ Jaime DELGADO GÓMEZ, *El románico de Lugo y su provincia*, vol. 6, A Coruña, Edinosa, 2006, páxs. 103-104. Segundo Celestino González, anterior párroco de San Remixio de Liber que o acompañou na súa visita á igrexa, J. Delgado Gómez non chegou a visitar o seu interior, conformándose cunha breve inspección ocular do exterior.

¹⁰ Amalia PÉREZ VALIÑO, “Liber”, en José María Pérez González (dir.) e José Carlos Valle Pérez (coord.), *Enciclopedia del Románico. Lugo*, Aguilar de Campoo, Fundación Santa María la Real, 2018, páxs. 685-686.

¹¹ Malia que na pág. 686 descríbese como de medio punto e considera a bóveda que o cobre -claramente de ferradura, aínda que non moi pronunciada- como de canón.

¹² PÉREZ VALIÑO, “Liber”..., pág. 685.

lousa. No seu muro sur ábrese unha pequena porta alintelada. Agás o arco triunfal de granito, todo o interior atópase caleado.



Figura 1. Liber. Vista desde a outra beira do Navia, ao Sur (fotografía do autor).

A portada tampouco amosa hoxe elementos demasiado característicos, cunha porta principal de arco de medio punto con doelas de lousa rematada cunha espadana cun só van tamén de medio punto. A porta principal atópase hoxe descentrada na fachada, pode que debido a diferentes reconstrucións sucesivas, como as vinculadas á construción da espadana, que amosa signos de ser engadida a fachada nun momento posterior, quedando restos na súa parte traseira deste testeiro do que podería ser a liña de cuberta anterior¹³.

Todo o exterior da igrexa, agás as doelas da porta principal, a espadana, os esquinais de granito da nave e os de xisto da ábsida, está caleado, se ben este enfusado presenta deterioracións nalgúns partes que permiten observar pequenas mostras do seu aparello, aparentemente de lousa na súa maioría. A ábsida parece ter un material diferente, xa que nela se aprecian pequenos perpiaños de xisto nos seus cantos.

A nave da igrexa que observamos na actualidade pode ser datada con precisión nos anos finais do século XVII e nos iniciais do XVIII, durante a prelatura do párroco Juan García de Parga, grazas aos libros de fábrica que conservamos desde 1668¹⁴. Polas visitas recollidas nestes libros sabemos que a igrexa estaba en obras polo menos desde 1677¹⁵, e desde 1688 coñecemos o nome do mestre de obras, o construtor local Froilán Fernández, veciño de Liber, que se encarga de distintas obras de cantería e carpintería ata 1715¹⁶.

¹³ Agradezo ao Revisor B terme chamado a atención sobre estes indicios da cuberta previa á construción da espadana na parte traseira da fachada.

¹⁴ ARQUIVO DIOCESANO DE LUGO (en diante ADL), *San Remigio de Liber, anexa de Vilachá*, Libro 1º de Fábrica, de 1668 a 1789 (citado coma ADL, Libro 1º de Fábrica...) e *San Remigio de Liber, anexa de Vilachá*, Libro 2º de Fábrica, de 1790 a 1875 (citado coma ADL, Libro 2º de Fábrica...).

¹⁵ ADL, Libro 1º de Fábrica..., folios 10r.º-16r.º, nos que os sucesivos visitantes mandan ao párroco que cobre as débedas dos seus fregueses para que *se prosiga la obra de la iglesia* (fols. 13r.º-13v.º de 1681, por exemplo). Ademais estes adoitan recomendar que se lle poña unha porta con chave á igrexa, cousa que parece indicar que ao estar aínda en construción era innecesaria.

¹⁶ En 1715 as contas sinalan que se lle fan uns pagos en 1714 por *postear una viga* e lousar a igrexa, e en 1716 outro no ano anterior por facer un confesionario (ADL, Libro 1º de Fábrica..., fols. 42r.º e 44r.º).




Figura 2. Liber. Plano da igrexa de San Remixio de Liber (plano do autor)

A el podemos atribuír polo menos os muros laterais da nave da igrexa¹⁷, a pequena fiestra lateral actual da ábsida¹⁸ e posiblemente o conxunto de trabes do teitume¹⁹.

A partir de entón apenas se mencionan nos libros de fábrica máis obras que as de mero mantemento, ata chegar a mediados do século XIX cando se “reedificou” outra vez a igrexa²⁰. Pero esta obra debeu de ter apenas incidencia na estrutura, a xulgar polo escaso orzamento, o laconismo desta entrada no libro de fábrica, e a insistencia no cal para calear a igrexa, que parecen indicar obras de tipo menor.

DESCRIPCIÓN DA ÁBSIDA

Resulta a parte máis antiga e artisticamente salientable da igrexa.

A ábsida rectangular está realizada maioritariamente en xisto de cor gris escura, nalgúñas zonas con tons pardos, polo menos nos seus cantos, nos que non se aplicou o caleado que recobre o resto do edificio, ou nos que este ten caído en boa parte; nesta zona a pedra parece traballada en pequenos perpiños regulares. As sombras no caleado, a presenza de materiais modernos visibles nas súas picadas e as informacións orais do anterior párroco de Liber testemuñan a existencia dunha fiestra hoxe tapiada no muro occidental²¹. No seu muro sur presenta unha pequena fiestra rectangular con derrame cara ao interior de época moderna²², cuxa apertura foi necesaria pola colocación do retablo barroco actual que forzou o cegado da fiestra da cabeceira²³.

¹⁷ As contas de 1689 recollen o pago en 1688 de 726 reais *por los dos lienzos que hiço de pared en dicha iglesia* (ADL, Libro 1º de Fábrica..., fols. 22r.º).

¹⁸ ADL, Libro 1º de Fábrica..., fols. 26v.º-27r.º, contas do ano 1695. Non pode ser outra que a ventá actual da ábsida, única existente no templo, necesaria pola colocación polos mesmos anos do retablo que levou ao tapiado da fiestra anterior (ADL, Libro 1º de Fábrica..., fols. 29r.º e 30v.º, dos anos 1697-1698). A fiestra rompe visiblemente os restos de pinturas renacentistas que se conservan fragmentariamente neste muro polo interior.

¹⁹ ADL, Libro 1º de Fábrica..., fols. 26v.º-27r.º (1694) e 42r.º (1714). Tamén fixo e colocou as portas (fols. 27v.º-28r.º) e a tarima da capela maior (fol. 24r.º).

²⁰ ADL, Libro 2º de Fábrica..., fol. 73v.º de 1850 menciona o pago de *cuatrocientos reales en que se ajustó la reedificación y compostura de la Iglesia mas ochenta para hacer y poner la cruz y remates con una pila para agua bendita. Mas cincuenta arrobas de cal a 4 reales la arroba, importan doscientos reales, para pintar la espadaña y frontera desta iglesia*.

²¹ Don Celestino González non lembra a forma precisa da fiestra, xa tapiada cando el asumiu a parroquia, pero durante a última restauración do templo puido observar que era de maior tamaño que a actual do muro sur e que tiña moito derrame cara o interior.

²² Aberta en 1694 por Froilán Fernández, como xa indicamos. ADL, Libro 1º de Fábrica..., fols. 26v.º-27r.º.

²³ Malia recollerse un pago ao tallista Andrés de Benavente en 1669 pola realización da imaxe de san Remixio que preside hoxe o retablo, a construción e colocación deste parece máis tardía, recolléndose nas contas de 1698 o primeiro pago en 1697 *para un retablo nuevo en el altar con sagrario* (ADL, Libro 1º de Fábrica..., fol. 30v.º), e na visita de 1702 aínda se manda

O muro sur da ábsida ten tres ménsulas do mesmo xisto²⁴ gris escuro, de sección prismática, case cadrada (números 1-3 da figura 4). A súa decoración non se aprecia con nitidez nos números 1 e 2 debido ao desgaste e á capa de cal que as cobre, pero parece consistir en rosetas de seis pétalos. No exemplar 3 apréciase con total claridade outra roseta de seis pétalos no interior dun círculo, tallada a bisel e trazada cun compás, que alterna na outro lateral cunha roda de radios curvos tamén no interior dun círculo. A número 2 alterna as rosetas laterais co que parece unha cruz patada na súa cara inferior.

A ménsula que suxeita o texaroz na esquina (número 4 no plano adxunto) está feita do mesmo material, pero ten unha forma totalmente diferente, “escaleriforme”, semellante a pequenos chanzos dunha escaleira, como unha versión xeometrizada e moi simplificada dos modillóns de rolos tan típicos da arte prerrománica do século X en Galicia. Estas ménsulas suxeitan un texaroz de grosos beirís de lousa, característicos da arquitectura tradicional da zona e de boa parte do interior lucense, sobre os que se asenta directamente a cuberta de lousa actual, colocada nos anos 90 do século XX.



Figura 3. Liber. Muro meridional da ábsida coas ménsulas 1-4 (fotografía do autor).

O muro norte presenta hoxe en día unha imaxe moi distinta. As ménsulas 5 e 6 son moi diferentes do resto tanto pola súa forma, bloques rectangulares rebaixados nos seus extremos en caveto, como polo seu material (pedra granítica), como pola súa decoración escultórica: o canzorro 5 está decorado cunha ave, posiblemente unha de rapiña, hoxe sen cabeza; o canzorro 6 presenta trazos de ter sido a cabeza dun animal, da que hoxe só se aprecian as orellas, pero na que Valiña Sampedro puido aínda recoñecer un bóvido²⁵.

No caso da ménsula número 7 estamos ante un bloque aproximadamente rectangular desbastado ata darlle unha forma de triángulo rectángulo no que sobresaie no seu extremo un cilindro decorado con tres incisións cóncavas paralelas, que delimitan cinco baquetas ou rolos verticais; nos seus lados presenta un círculo concéntrico inciso.

que se remate o pagamento ao “mestre que fixo o retablo” do que se lle debía (fols. 31v.º-32r.º). Desafortunadamente non se menciona o nome do tallista do retablo en ningunha entrada.

²⁴ Traslado o meu agradecemento aos meus compañeiros do IES de Becerreá Jesús Folgueiras González e Antón Pérez Vázquez pola súa axuda na identificación da rocha.

²⁵ VALIÑA SAMPEDRO, “Liber...”, pág. 396. A tradición local considera os catro canzorros deste muro símbolos dos catro evanxelistas, crendo recoñecer no máis mutilado restos dunhas ás e duns peitos femininos, que corresponderían á figura dun anxo simbólico de Mateo.

O número 8 está hoxe moi mutilado, faltando posiblemente máis da metade da peza orixinal, pero podemos sinalar o seu material, xisto como o das ménsulas do lado da Epístola; o pouco que podemos entrever da súa forma relacionáralo coa ménsula número 4. Ao non atoparse no canto da ábsida, como o número 4, poderíamos estar neste caso ante unha reutilización.

O muro norte da ábsida presenta tamén unha menor altura con respecto ao sur, de xeito que os construtores do actual lousado do presbiterio víronse na obriga de realizar un recheo con pedra de lousa para acadar o nivel necesario para asentalo.



Figura 4. Liber. Muro setentrional da ábsida coas ménsulas 5-7. Obsérvase o recrecemento posterior do muro por riba dos canzorros (fotografía do autor).

O acceso ao interior da ábsida faise a través dun arco de ferradura realizado en pedra granítica, asentado en salmeres tamén graníticos decorados cunha sinxela moldura en caveto. Agás os salmeres, labrados cada un nunha única peza de granito, os lados interior e exterior do arco aparecen feitos por separado, con dous arcos paralelos que deixan un pequeno espazo intermedio cuberto hoxe con pedra de lousa e cemento. A ábsida cóbrese cunha bóveda de canón xerada por arcos de ferradura²⁶. Hoxe toda ela aparece caleada, pero no lado da Epístola aínda son visibles restos de pinturas figurativas renacentistas, que segundo Elías Valiña Sampedro continúan tras o retablo²⁷.

Cómpre salientar que na actualidade os canzorros e ménsulas do muro sur atópanse moi cerca do nivel do chan debido á acumulación de cascallos e terra procedente da inmediata ladeira, e presentan danos que non se apreciaban aínda nos anos 60²⁸.

DISCUSIÓN E ESTUDO HISTÓRICO-TIPOLÓXICO

Ante a ausencia de elementos decorativos recoñecibles que permitan o establecemento de paralelos estilísticos e cronolóxicos máis precisos, como por exemplo capiteis ou relevos figurativos, tres

²⁶ Segundo o varias veces citado don Celestino González, que observou a parte superior da bóveda durante a última restauración das cubertas, está feita con grandes laxes de lousa “postas de canto”, en chapacuña, e contaba cun van na parte superior.

²⁷ VALIÑA SAMPEDRO, “Liber...”, pág. 397.

²⁸ Agás o número 7, todos presentan roturas que polo menos no caso do número 6 non se apreciaban nos anos 60 do XX, cando Elías Valiña Sampedro visitou a igrexa. A súa doada accesibilidade puido permitir que foran vandalizados, ou ben teñen sido afectados por algún dos frecuentes desprendementos da ladeira inmediata, segundo me transmitiron o anterior párroco e varios fregueses desta parroquia.

elementos centrarán o noso estudo: a planta da ábsida, o uso do arco de ferradura no presbiterio e os canzorros conservados.

A planta da ábsida

Certamente, as ábsidas rectangulares, coa súa construción tan doada tecnicamente, non son descoñecidas no románico galego, cun exemplo tan temperán coma insigne no exterior da capela do Salvador situada na xirola románica da catedral de Santiago²⁹. Pero fronte ao seu carácter abondoso pero minoritario no románico, na arte hispánica altomedieval resultan a solución dominante, ata converterse nunha tradición multiseccular.

A cabeceira rectangular é omnipresente nas igrexas hispano-visigodas conservadas ou coñecidas por escavacións arqueolóxicas³⁰. Cunha formulación diferente axustada normalmente á planta basilical triforme, tamén é característica na arte prerrománica asturiana e nas igrexas influídas por ela³¹.

Así mesmo, na arte prerrománica galega dos séculos X e XI teriamos varios exemplos de cabeceiras cunha única ábsida rectangular, que poderíamos dividir en dous grupos:

-Ábsidas rectangulares con interior de ferradura, grupo ao que pertence actualmente San Miguel de Celanova e, hipoteticamente, as desaparecidas de Santa María de Vilanova das Infantas (Celanova, Ourense) e San Martiño de Pazó (Allariz, Ourense). Trataríase dun conxunto de igrexas vinculado a fundacións monásticas relacionadas coa familia de san Rosendo, datables todas cara mediados do século X e que se achegan claramente neste aspecto a formulacións prerrománicas leonesas e vallisoletanas como San Miguel de Escalada, Santiago de Peñalba ou San Cebrián de Mazote.

-Ábsidas rectangulares de interior tamén rectangular. Estaríamos ante un conxunto máis heteroxéneo tanto xeográfica como cronoloxicamente, que integra o que R. Yzquierdo Perrín denominou “igrexas de nave e capelas únicas”, caracterizado por contar cunha única nave alongada e unha soa ábsida rectangular, e que para este autor debeu ser o máis abundante no prerrománico galego dos séculos X e XI³². Os exemplos conservados atópanse moito máis preto de San Remixio de Liber, como a igrexa de Santa María de Loio (Paradela, Lugo)³³, a capela de San Salvador ou do Ciprés (Samos, Lugo)³⁴, posiblemente do século X, a ábsida de San Tomé de Tórdea (Castroverde, Lugo) tamén dese século³⁵, ou Santo Antoñño de Toques (Toques, A Coruña), probablemente xa do XI³⁶.

²⁹ Ramón YZQUIERDO PERRÍN, *Galicia. Arte, Tomo 10: Arte Medieval I*, A Coruña, Hércules de Ediciones, 1993 (Proyecto editorial Galicia, dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias), páxs. 198-200.

³⁰ Ademais dos exemplos chegados ata os nosos días máis ou menos completos e ben coñecidos dos templos de São Pedro de Balsemão, San Juan de Baños de Cerrato, San Pedro de la Mata, San Pedro de la Nave, Santa Comba de Naves, San Gião de Nazaré, Santa María de Quintanilla de las Viñas e Santa Lucía del Trampal, cuxas plantas poden consultarse agrupadas nas figuras 1 e 2 de José BUENO ROCHA e Luis CABALLERO ZOREDA, “De nuevo a propósito de la basílica de Recópolis”, *Archivo español de arqueología*, 62, 159-160 (1989), páxs. 288-289. Tamén pódense citar restos arqueolóxicos como os recentemente excavados no antigo *oppidum* de La Silla del Papa, Tarifa, datado no século VII e que conta cunha ábsida principal cunhas proporcións (3,9x4,5 m) moi semellantes ás de Liber (3,9x4,6 m), Sonia GUTIÉRREZ LLORET, Bastien LEFEBVRE y Pierre MORET, “La iglesia altomedieval de la Silla del Papa (Tarifa, Cádiz)” en Laurent Brassous y Séverine Lemaître (coords.), *La ciudad antigua de Baelo, cien años después de Pierre Paris*, 2017 (Mélanges de la Casa de Velázquez, nouvelle série, 47), páxs. 201-214. Aínda que como ben amosa o caso da ábsida da igrexa de Recópolis, *cabe as* maioritarias ábsidas rectangulares tamén existían na Hispania visigótica as semicirculares, aínda que neste caso o interior en forma de semicírculo peraltado alternaba cun exterior case cadrado; pode verse en Lauro OLMO ENCISO, “Arquitectura religiosa y organización litúrgica en época visigoda: la Basílica de Recópolis”, *Archivo español de arqueología*, 61, 157-158 (1988), pág. 163 e figuras 5 e 6 das páxs. 165-166.

³¹ Antonio BONET CORREA, *Imagen del arte pre-románico asturiano*, Barcelona, Ediciones Polígrafa, 1980, páxs. 16 e 20-34; Lorenzo ARIAS PÁRAMO, *Prerrománico asturiano. El arte de la monarquía asturiana*, Gijón, Ediciones Trea, 1993, *passim*. Como exemplos galegos influenciados pola típica cabeceira asturiana de tres ábsidas que alternan as formas rectangular e cadrada teriamos a hipotética e moi parcialmente conservada planta prerrománica de Santa María do Cebreiro en Lugo e as de Santa Eufemia de Ambía e Santa María de Mixós en Ourense, Véxase Manuel NÚÑEZ RODRÍGUEZ, *Historia da Arquitectura Galega. Arquitectura Prerrománica*, Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, Madrid 1978, páxs. 197-220.

³² YZQUIERDO PERRÍN, *Galicia. Arte, Tomo 10...*, pág. 116.

³³ YZQUIERDO PERRÍN, *Galicia. Arte, Tomo 10...*, páxs. 116-117. NÚÑEZ RODRÍGUEZ, *Historia...*, páxs. 222-227.

³⁴ YZQUIERDO PERRÍN, *Galicia. Arte, Tomo 10...*, pág. 117. NÚÑEZ RODRÍGUEZ, *Historia...*, páxs. 227-236.

³⁵ SÁNCHEZ PARDO y BLANCO ROTEÁ, “San Tomé de Tórdea...”, páxs. 113-114.

³⁶ YZQUIERDO PERRÍN, *Galicia. Arte, Tomo 10...*, páxs. 119-120. NÚÑEZ RODRÍGUEZ, *Historia...*, páxs. 277-286; un traballo recente sobre esta obra, da cabalo entre o último prerrománico e primeiro románico, que se combinan dun xeito que non é doado

A igrexa prerrománica de Liber pertencería probablemente a este grupo, tanto pola planta da ábsida como polas súas proporcións. A ábsida de Liber mide polo seu exterior 3,9x4,6 m, moi semellantes ás de Loio (2,5x4,47 m) e sensiblemente superiores ás de Samos (2,5x2,6 m), coa que comparte porén a súa tendencia á forma cadrada e a súa cubrición interna con bóveda de ferradura³⁷.

O arco triunfal de ferradura

O arco triunfal do presbiterio, como xa vimos, ten unha non moi acusada pero clara forma de ferradura, forma que tamén adopta a bóveda que cobre a ábsida. Neste caso estamos ante un arco de ferradura de tradición claramente hispano-visigótica³⁸, cunha curvatura lixeiramente inferior a un terzo do radio, intradós e trasdós co mesmo centro e salmeres horizontais. Isto afástaos dos esquemas máis claramente “mozárabes” (no sentido etimolóxico da palabra³⁹) presentes no século X en San Miguel de Celanova, San Martiño de Pazó ou as igrexas altomedievais do próximo reino de León, que imitan á arte andalusí co seu alfiz e a súa maior curvatura na ferradura, que chega a acadar a metade do radio.

Naturalmente, aquí o hispano-visigodo é unha tradición, unha técnica construtiva herdada e reverenciada; como veremos cando tratemos dos modillóns, a ábsida de Liber remite a unha cronoloxía do século X máis que a unha anterior ao 711.

Estariamos pois ante un arco de ferradura de tradición hispano-visigótica pero realizado no entorno do século X. O mesmo ocorre noutros exemplos galegos como nos templos ourensáns de San Xes de Francelos⁴⁰, Santa Eufemia de Ambía⁴¹ ou Santa María de Mixós⁴² (nos que o arco de ferradura de tipo hispano-visigodo combínase cunha linguaxe arquitectónica ou decorativa máis propia do prerrománico asturiano), ou nos moito máis achegados tanto xeográfica coma tipoloxicamente Santa María de Loio, San Salvador de Samos ou Santo André das Nogais (Lugo).

Os paralelos tipolóxicos máis estreitos do arco prerrománico de San Remixio de Liber son tamén os máis próximos no espazo: os da igrexa de Santo André das Nogais (As Nogais, Lugo). En ambos casos temos dous arcos de ferradura de tradición hispano-visigótica, feitos en pedra de maior calidade –granito e calcaria, mentres o aparello conservado da maioría das dúas igrexas é de lousa ou xisto-, e cunha curvatura practicamente igual, lixeiramente menor a 1/3 do radio. Ambas están separadas pola serra de Vilavexe, pero unidas por un camiño actual –e posiblemente histórico- de pouco menos de 9 km que cruza estas montañas pola aldea significativamente denominada A Golada⁴³, pertencente aínda á parroquia de Liber pero lindeira coa das Nogais⁴⁴.

clarificar, en Javier CASTIÑEIRAS LÓPEZ, *Reforma y tradición en el Románico gallego. Los ejemplos de Rebordáns y Mondoñedo*, León, Universidad de León; Instituto de Estudios Medievales, 2020, páxs. 102-106. Tendo en conta que a reconstrución da cabeceira de ambos edificios é hipotética, poderían pertencer tamén a este grupo tanto Vilanova das Infantas como Pazó, ambas cunha única nave.

³⁷ NÚÑEZ RODRÍGUEZ, *Historia...*, páxs. 224 e 233.

³⁸ Comparto as apreciacións de A. López Carreira, que demostra claramente o errado da denominación de “visigodo” para o arco de ferradura usado en Hispania desde a época romana ata a invasión árabe (Anselmo LÓPEZ CARREIRA, *Arte e escritura na Galicia medieval. Séculos VI-X*, Vigo, Editorial Xerais, 2019, páxs. 33-86) pero uso este termo a falta doutro alternativo e por simple tradición historiográfica.

³⁹ A fin de contas provén do árabe *musta'rab*, “arabizado”, segundo XUNTA DE GALICIA, *Dicionario de galego Digalego* [en liña], dispoñible en <<https://digalego.xunta.gal/gl/termo/44242/mozarabe>> [Consulta: 27/08/2024].

⁴⁰ David CHAO CASTRO, “San Xes de Francelos”, *Cadernos de Ribadavia*, 6, 4 (2004), páxs. 5-22, en especial páxs. 19-20. Cunhas conclusións e unha datación moi diferentes SÁNCHEZ PARDO, BLANCO ROTEÁ y SANJURJO SÁNCHEZ, “Tres arquitecturas...”, páxs. 13-20, cunha cronoloxía da cabalo entre os séculos IX e X.

⁴¹ Estudada recentemente en SÁNCHEZ PARDO; BLANCO ROTEÁ y SANJURJO SÁNCHEZ, “Tres arquitecturas...”, páxs. 6-11, con datación absoluta dos morteiros da obra prerrománica nos arredores do inicio do século X nas páxs. 12-13.

⁴² Recentemente revisada por José Carlos SÁNCHEZ-PARDO, Rebeca BLANCO-ROTEÁ, Jorge SANJURJO-SÁNCHEZ, y Antonio César GONZÁLEZ-GARCÍA, “Cronotipología y datación absoluta de iglesias altomedievales en Galicia. Primeros resultados del proyecto EMCHAHE”, *Hortus Artium Medievalium*, 24 (2018), páxs. 90-104, con datación absoluta de morteiros e ladrillos no século IX, páxs. 97-100 e 105.

⁴³ Golada aparece, por exemplo no *Diccionario Galego-Castelán* de Xosé Luís FRANCO GRANDE, Vigo, Editorial Galaxia, 1968, co significado de “paso entre montañas”, que tan ben acae ao lugar.

⁴⁴ A duración do percorrido é dunhas tres horas camiñando. Agradezo á miña compañeira do IES de Becerreá Fernanda Follana Neira, gran coñecedora das rotas dos Ancares, por sinalarme este camiño e por acompañarme no percorrido.



Figura 5. Arco triunfal de Liber, arco lateral sur das Nogais (fotografías do autor) e esquema de arco de ferradura “visigótico” e califal, de Proxecto Ende, <https://recursos.edu.xunta.gal>



Figura 6. Liber. Arranque da bóveda de ferradura (fotografía do autor).

Os arcos de ambas igrexas presentan diferenzas nas súas proporcións, pero debidas só á súa distinta función arquitectónica. Os arcos de Santo André pertencen ás antigas portadas norte e sur da nave única⁴⁵, mentres o de Liber é o triunfal. Tampouco atopamos en San Remixio detalles decorativos como os salmeres decorados dos arcos de Santo André. Simplemente en Liber e nas Nogais conservamos dúas

⁴⁵ Como pode deducirse con facilidade, non comparto pois a interpretación de Elías Valiña Sampedro de ambos arcos de ferradura como portada principal e arco triunfal da antiga igrexa prerrománica de Santo André, coa actual sacristía rectangular como ábsida primitiva. O aparello desa sacristía, diferente ao das partes prerrománica e románica da igrexa, e sobre todo á

partes diferentes do que en tempos foron dúas igrexas prerrománicas: a ábsida no caso de Liber e os muros laterais coas súas portadas na de Santo André.

A semellanza entre os arcos de ferradura de ambos os dous templos prerrománicos veciños puido ser aínda máis estreita do que agora se nos presenta. Como en Santo André, en Liber o arco triunfal parece ter tido ata en torno 1818 a mesma curiosa disposición en dous arcos paralelos co interior máis pequeno, que o párroco Pedro Gómez de Neira decidiu mandar repicar nesa data para facilitar a visión do altar durante as liturxias⁴⁶.

Desgraciadamente, como no caso da igrexa de Liber, no de Santo André temos unha case total falta de fontes documentais. O primeiro documento que coñecemos no que se menciona Santo André é moi posiblemente de 1068⁴⁷, pero a primeira referencia inequívoca á propia igrexa é de 1170, nunha bula papal de Alexandre III que confirma a fundación polo conde galego Rodrigo Álvarez da orde militar de Montegaudio⁴⁸. Aparece nela xunto con outras varias igrexas da zona ancaresa e outras posesións na mesma comarca, no resto dos reinos hispánicos e mesmo en Terra Santa. Neste documento indícasenos que a igrexa de Santo André, coas veciñas Santa María das Nogais, San Xoán de Agüeira, Santa Baia de Guilfrei e San Xoán de Padornelo, fora doada ao conde polo rei Fernando II de Galicia e León⁴⁹. Polo tanto, a igrexa de Santo André é anterior á segunda metade do XII, e posiblemente á do XI, pero nada sabemos da súa fundación.

As ménsulas e canzorros

Son un elemento imprescindible para establecer paralelos que permitan afinar a cronoloxía dentro do amplo período altomedieval, polo que para facilitar a comprensión do traballo engadimos un plano da ábsida no que estas pezas aparecen numeradas do 1 ao 8.




Figura 7. Liber. Plano da ábsida coas ménsulas numeradas (plano do autor)

orientación inusual e anticanónica do templo desaconsellan tal hipótese. Elías VALIÑA SAMPEDRO: “Nogales (San Andrés)”, en Elías Valiña Sampedro, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, vol. 4, Madrid, Ministerio de Cultura, 1976, pág. 369.

⁴⁶ ADL, Libro 2º de Fábrica..., na visita do 8 de maio de 1818 nos fols. 42r.º e 42v.º indícase que *la capilla mayor tiene dos arcos uno encima de otro por cuya causa apenas puede verse el altar*, polo que o párroco quere quitar o arco inferior no caso de non provocar danos estruturais, para o que o visitador dalle o oportuno permiso. Aínda que non se indique nas entradas posteriores, a desaparición do arco interior deixa claro que a modificación se realizou.

⁴⁷ Manuel LUCAS ÁLVAREZ, *El Tumbo de San Julián de Samos*, doc. núm. 221, pág. 405. Nel cítase *Sancto Andrea* como termo da *uilla Auselli*, hoxe Ouselle na parroquia homónima de Becerreá. Certamente hoxe as parroquias de San Cosme de Ouselle e Santo André das Nogais non són exactamente lindeiras, interpoñéndose entre elas un pequeno espazo pertencente á parroquia becerrega de San Xoán de Agüeira.

⁴⁸ Para unha biografía deste interesante persoeiro José M. SÁNCHEZ PAGÍN, “El conde don Rodrigo Álvarez de Sarria, fundador de la orden militar de Monte Gaudio”, *Compostellanum*, 27, 3-4 (1982), páxs. 373-398. A orde de Monte Gaudio de Xerusalén, tras a perda do territorio cruzado de Palestina, rematou centrándose no reino de Aragón, onde foi coñecida como Orde de Alfambra polo seu principal centro señorial en Teruel.

⁴⁹ M^a. Beatriz VAQUERO DÍAZ y Francisco Javier PÉREZ RODRÍGUEZ, *Colección documental del Archivo de la catedral de Ourense I (888-1230)*, León, Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”; Caja España de Inversiones; Archivo Histórico Diocesano, 2010 (Colección Fuentes y Estudios de Historia Leonesa, 131), doc. num. 37, pág. 116.

Estas ménsulas poden ser divididas en dous tipos desde o punto de vista cronolóxico e artístico: ménsulas prerrománicas e posiblemente canzorros románicos.

O primeiro forma o grupo máis numeroso e variado. Dentro del, as ménsulas 4 e 7 e son as que presentan os paralelos máis claros.

A número 4, que se mostra na foto da figura 8, semella unha versión moi simplificada e xeometrizada –axeitada ás dificultades de talla dun material como o xisto– dos modillóns de rolos do século X tan coñecidos no prerrománico e de inspiración andalusí. En Galicia aparecen conservados *in situ* en San Miguel de Celanova⁵⁰, como pezas soltas en Santa María de Vilanova das Infantas⁵¹, outro reutilizado na obra románica da igrexa do mosteiro de San Salvador de Chantada⁵², outro fragmento procedente da desaparecida obra prerrománica do mosteiro de Sobrado dos Monxes⁵³, e un pequeno fragmento reutilizado nun muro posterior de San Tomé de Tórdea, Castroverde⁵⁴. Todos estes exemplos levaríannos ao século X. A ménsula número 8 parece unha versión moi mutilada da 4, quizais reaproveitada, xa que non está como a 4 no canto da ábsida.



Figura 8. Ménsula 4 de Liber (foto do autor). Modillón de rolos de Santa María de Vilanova (foto do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense). Modillóns *in situ* no canto de San Miguel de Celanova (foto de Zarateman en Wikipedia Commons, baixo a licenza Creative Commons).

⁵⁰ Oratorio que, tras revisar a inscrición seguindo a Manuel Cecilio Díaz e Díaz, M^a. del Carmen Pallares Méndez considera obra de Froila Gutiérrez, irmán de san Rosendo, vinculada á *villa* familiar de *Uillare*, e polo tanto previa á construción do gran cenobio polo santo a partir do 936. M^a. del Carmen PALLARES MÉNDEZ, *Ilduara, una aristócrata del siglo X*, Sada, Seminario de Estudos Galegos; Edicións do Castro, 1998, páx. 36 e nota 86.

⁵¹ Cenobio fundado pola condessa santa Aldara ou Ilduara, nai de san Rosendo, nalgún momento anterior ao 956, e no que profesou na súa viuedade. Véxase PALLARES MÉNDEZ, *Ilduara...*, páxs. 132-133 e nota 341. Deste edificio, en pé ata o século XIX e do que temos descrições da Idade Moderna, consérvanse só dous modillóns moi semellantes aos de San Miguel de Celanova, un no Museo Provincial de Ourense e outro reutilizado nunha casa de Vilanova das Infantas (PALLARES MÉNDEZ, *Ilduara...*, lámina 8 da páx. 133), e un fragmento doutro, tamén no Museo Provincial de Ourense, que pode verse no catálogo da exposición *Gallaecia Petrea*, Miguel FERNÁNDEZ CID (com.), *Gallaecia Petrea. Natureza, traballo, arte*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 2012, fig. 1 da pax. 356.

⁵² YZQUIERDO PERRÍN, *Galicia, Arte, Tomo 10...*, páx. 148, con foto. Os primeiros documentos deste mosteiro datan dos anos 70 do século XI, pero neles faise referencia á súa fundación dúas xeracións antes, como mosteiro familiar, o que posiblemente tamén nos leve cara finais do século X, véxase José MÉNDEZ PÉREZ, Pablo S. OTERO PIÑEYRO MASEDA y Miguel ROMANÍ MARTÍNEZ, *El monasterio de San Salvador de Chantada (siglos XI–XVI). Historia y documentos*, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 2016 (Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, 40), páx. 56.

⁵³ García María COLOMBÁS, *El Monasterio de Santa María de Sobrado*, León, Editorial Everest, 1992, fotografía 11 da páx. 17. O mosteiro altomedieval de San Salvador de Sobrado foi fundado no 952, M^a. Carmen PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña, 1979, páx. 71.

⁵⁴ SÁNCHEZ PARDO y BLANCO ROTEÁ, “San Tomé de Tórdea...”, páx. 110 e figura 9. A análise da igrexa permite a estes autores datar a súa fase prerrománica no século X, se ben apenas quedan dela restos en pé, correspondendo a maioría a unha obra do século XVI, cando se tería reaproveitado esta peza.

A ménsula número 7 que recollo na figura 9, en pedra de gran, pode considerarse un novo exemplo lucense dun modillón prerrománico de rolos verticais, un conxunto de adscribible tamén ao século X moi ben caracterizado na provincia de Ourense⁵⁵ do que publiquei xa hai anos o primeiro exemplo lucense, procedente de Santa María de Marzá (Palas de Rei, Lugo)⁵⁶, e do que recentemente tense publicado un exemplo moito máis próximo a Liber, reaproveitado como pía de auga bendita na igrexa de San Tomé de Tórdea (Castroverde, Lugo)⁵⁷. Certamente existen abondosos exemplos de canzorros románicos rematados en cilindros ou outras figuras xeométricas, pero as diferenzas observables no tipo de desbastado con respecto aos canzorros románicos -e mesmo ás ménsulas 5 e 6 da ábsida de Liber- e os paralelismos tipolóxicos apuntan máis ben a unha adscripción prerrománica.



Figura 9. Liber. Ménsula 7 (fotografía do autor).

O conxunto máis interesante é sen dúbida o formado polas ménsulas 1, 2 e 3, coa súa zona sobre-saínte en forma de prisma de caras aproximadamente cadradas, decoradas con rosetas incisas de seis pétalos inscritas nun círculo en case todos os seus lados visibles, motivo que na cara inferior da número 2 se alterna cunha cruz patada, e nunha das dúas caras da número 3 cunha roda de radios curvos que evoca motivos prerromanos. Estas decoracións aprécianse nalgúns casos con dificultade pola erosión e pola cal que as tapa, pero na mellor conservada, a número 3, vemos que está incisa, tallada a bisel e trazada cun compás.

⁵⁵ Este conxunto foi estudado por Xaquín LORENZO FERNÁNDEZ, “La iglesia prerrománica de Santa María de Mixós”, *Boletín Avriense*, 1 (1971), páxs. 95-99 e 107-109, con dous modillóns deste tipo *in situ* e outro reutilizado (recentemente esta igrexa foi datada no século IX por SÁNCHEZ-PARDO, BLANCO-ROTEA, SANJURJO-SÁNCHEZ y GONZÁLEZ-GARCÍA, “Cronotipología y datación absoluta...”, páxs 97-100 e 105; Xoán Carlos RIVAS FERNÁNDEZ, “Algunas consideraciones sobre el prerrománico gallego y sus arcos de herradura geminados”, *Boletín Avriense*, 1 (1971), páxs. 70-72; e “Vestigios prerrománicos de algunos olvidados monasterios y eremitorios ourensanos”, *Boletín Avriense*, 11 (1981), páxs. 55-57 e lámina II da páx. 86, 73-74 e figura 10 e lámina XIc da páx. 95, e 77-79 e lámina XIIIb da páx. 97. Ramón YZQUIERDO PERRÍN, “Ménsula prerrománica de rolos verticales”, en José Manuel García Iglesias, e M. Calvo Domínguez (coords.), *La Ribeira Sacra, esencia de espiritualidad de Galicia*, Santiago de Compostela, S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2004, páxs. 354-355, nas que estuda unha peza da antiga igrexa de Santa Ouxea *Ad Portum Abbatis*, na beira ourensá do Miño fronte ao Sur da provincia de Lugo.

⁵⁶ Ignacio CABARCOS FERNÁNDEZ, “Ménsulas e canzorros medievais no Museo Provincial de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 13 (2006-2008), páxs. 237-239.

⁵⁷ SÁNCHEZ PARDO y BLANCO ROTEA, “San Tomé de Tórdea...”, páx. 109 e figura 8, con fotografías comparativas de varios exemplos ourensáns.

Fronte a unha decoración tan característica do prerrománico como a roseta⁵⁸, a forma prismática —de doada realización, por outra parte, aínda nunha rocha de tan difícil labra coma o xisto— carece de paralelos claros no prerrománico galego⁵⁹. O único exemplo parangonable serían uns fragmentos de tres ménsulas graníticas prerrománicas de San Miguel do Canal (Ribas de Sil, Ourense), un deles decorado tamén cunha rosácea de seis pétalos inscrita nun círculo, outro cunha roda de radios curvos (motivo que tamén aparece nunha das caras das ménsulas de Liber) e outro fragmento cunha rosácea octifolia (figuras 10)⁶⁰; pero non caben conclusións totalmente tallantes dado o carácter fragmentario e os signos de rotura que presentan as pezas ourensás.



Figura 10. Arriba: Ménsula 3 de Liber con roseta inscrita en círculo e roda de radios curvos (fotografías do autor). Abaixo: Ménsulas prerrománicas de San Miguel do Canal (fotografías do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense)

O último grupo está formado polas ménsulas números 5 e 6 no plano adxunto, feitas en granito, observables con facilidade dado o nivel actual do chan neste muro absidial do Evanxeo. A súa forma rectangular rematada en caveto e a súa decoración escultórica animalística (unha ave de rapiña e posiblemente un bóvido) teñen os seus paralelos máis claros no románico. Os paralelos tipolóxicos destes dous canzorros e a consideración como de medio punto do arco triunfal e da bóveda de canón da ábsida, malia a súa evidente malia pouco pronunciada ferradura, están na base da atribución á época románica de toda a ábsida feita por Valiña Sampedro, seguido polos demais autores que se teñen ocupado anteriormente da igrexa de Liber.

Aínda que para sinalar etapas construtivas con total precisión farían falta estudos máis detallados e unha lectura dos paramentos agochados tras o enfuscado de cal, estas ménsulas quizais poidan ser

⁵⁸ Unha relación pormenorizada das pezas que presentan decoracións con rosetas no prerrománico hispánico acabaría convertida nun auténtico inventario, dada a ubicuidade do motivo desde a arte hispano-visigoda á do século X. Para exemplificar usando só pezas galegas, publicadas, coa mesma función arquitectónica que as aquí estudadas e cunha cronoloxía aproximada semellante á que propoñemos para as de Liber, podemos citar os modillóns de rolos verticais de Mixós e Marzá (neste caso cunha roseta octifolia), un posible fragmento de ménsula prerrománica procedente da ermida de San Miguel do Canal (Ribas de Sil) (RIVAS FERNÁNDEZ, “Vestigios...”, páxs. 55-57, figura 3 da páx. 55 e lámina II da páx. 86), ou os modillóns de rolos enteiros ou fragmentados procedentes de Vilanova das Infantas, Sobrado, Chantada ou Tórdea, todos citados anteriormente.

⁵⁹ Aínda así, coido que é difícil que esteamos ante outro tipo de pezas, como por exemplo metopas reutilizadas, como me suxiriu un dos revisores anónimos do artigo. Estas metopas teñen unha cronoloxía románica, e pola súa función se decoraban só por unha cara —non por dúas ou aínda tres coma en Liber— e carecían de espiga ou mesmo dunha lonxitude axeitada para ser encastradas no muro para facer de canzorros.

⁶⁰ Pódese ver en RIVAS FERNÁNDEZ, “Vestigios...”, figura 3 da páx. 55 e lámina II da páx. 86.

testemuño dunha reconstrución románica deste muro da ábsida, frecuentemente afectado polos derrubamentos da inmediata ladeira, como xa indicamos, e que ademais ten hoxe unha altura menor á do muro sur, obrigando a un recheo para asentar o novo lousado a fins do século XX.

O CAMBIO DE ADVOCACIÓN

O padroeiro desta parroquia, san Remixio, resulta bastante estraño en Galicia e pódenos facer pensar nunha parroquia de constitución relativamente recente, ao non ter como titular á Virxe, ao Salvador, a algún apóstolo ou algún dos santos máis venerados na liturxia hispánica altomedieval, que forman a inmensa maioría dos titulares das parroquias galegas. Isto podería logo contradicir unha orixe altomedieval como a que aquí propoñemos para a igrexa de Liber.

O santo e bispo galo san Remixio de Reims, que converteu ao cristianismo ao rei merovinxio Clodoveo I e é un dos padroeiros secundarios de Francia, apenas ten presenza nas 3771 parroquias rurais galegas. É unha advocación moi estraña en Galicia, exclusiva da diocese de Lugo e con só tres casos: o que nos ocupa de San Remixio de Liber, San Remixio de Bazar (concello de Lugo) e San Remixio das Maceiras, no concello de Dozón, provincia de Pontevedra pero no bispado de Lugo.

Polo tanto estaríamos ante unha rara especificidade lucense, que como toda anomalía debe ser aclarada, recorrendo á documentación máis achegada posible á creación das parroquias, a de época medieval.

Na Idade Media as tres parroquias hoxe presididas polo santo bispo francés aparecen baixo a titularidade doutro santo moito máis tradicional e vencellado a Galicia, san Breixo, este si pertencente ao fondo máis antigo dos santos padroeiros das parroquias galegas e perfectamente compatible cunha cronoloxía altomedieval.

O caso de San Remixio de Bazar é o máis coñecido, xa que a súa proximidade á sé catedralicia de Lugo fai que apareza con regularidade na súa documentación medieval, e ademais foi tratado tanxencialmente polo medievalista norteamericano James D'Emilio⁶¹. No século XII e durante toda a Idade Media o titular da parroquia de Bazar era san Breixo⁶². Probablemente o mesmo sexa o caso da parroquia dozonesa das Maceiras, que debe ser a citada nos séculos XIV e XV como *San Vereyxemo* ou *San Bleyximo* en documentos do achegado mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón⁶³.

Por último, no caso que agora nos ocupa de San Remixio de Liber, figura claramente como *Sant Vreixemo de Liuer* en 1399 nunha carta de dote que Álvaro Díaz de Morcelle outorga á súa filla e ao seu futuro xenro⁶⁴, conservada como proba nun preito moderno ante a Real Audiencia de Galicia.

San Breixo é titular hoxe de 19 parroquias en Galicia, tres delas no bispado lucense (San Breixo da Balsa en Triacastela, San Breixo de Parga en Guitiriz, San Breixo de Vilaquinte en Cervantes, esta

⁶¹ James D'EMILIO, "Los documentos medievales como fuentes para el estudio de las parroquias e iglesias gallegas: el distrito de Monte de Meda (Lugo)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 43, 108 (1996), páxs. 93-94 e notas 196-199.

⁶² Ademais dos citados por James D'Emilio pode verse como simple exemplo entre outros M^a. José PORTELA SILVA, *Documentos da Catedral de Lugo. Século XIV*, vol. 2, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2007, doc. núm. 878, páx. 1058, *ennas frigresias de Sant Salvador de Calde et de Sant Bereyxemo de Baçar*, na que en 1388 se cita Bazar xunto coa lindeira parroquia luguesa de Calde, hoxe adicada a San Pedro.

⁶³ José Ignacio FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, *Colección diplomática do mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2009, doc. núm. 91, páx. 112, testamento de Elvira Fernández no que doa *hun sesteiro a San Vereyxemo*. Non pode ser "probablemente" San Breixo de Seixalbo, Ourense, como afirma o editor, xa que o resto das mandas afectan en exclusiva a igrexas e institucións de Dozón, (o propio mosteiro de Vilanova, Santa María de Dozón, San Salvador do Castro, Santa María de Bidueiros, Santiago de Saa...) ou da terra de Deza, como San Tomé de Ancozados, Silleda ou San Tomé de Obra, Vila de Cruces. Tamén no doc. num. 189, páx. 195 o mosteiro afora a Gómez Ares Mosqueiro, escudeiro, *nosso lugar a que chaman Reboredo das Donas, que he enna frigresía de San Bleyximo*; hai un Reboredo en San Salvador do Castro, Dozón, e outro en San Xoán do Sisto, Dozón, ambas lindeiras coas Maceiras. Non figuran lugares chamados Reboredo no resto das parroquias galegas adicadas a San Breixo ou nas que existe o haxiotopónimo San Breixo.

⁶⁴ ARG, *Colección documentos en pergameo*, documento 649, ES.GA.15030.ARG/3.3.1.//649.

última no mesmo arciprestado ca Liber). No mesmo bispado lucense o nome das parroquias de San Salvador de San Breixo (Monterroso)⁶⁵ e Santa María de San Breixo (Palas de Rei) suxiren un cambio relativamente tardío de advocación. Hai tamén outros cinco lugares chamados San Breixo en Galicia independentes das parroquias mencionadas anteriormente, mentres que san Remixio non deu nome a lugar ningún.

San Breixo, coas súas irmás as santas Máxima e Xulia, e outros santos de tradición hispana foi tamén copadroeiro dos mosteiros altomedievais de Chantada en 1073⁶⁶ e Ferreira de Pallares⁶⁷ e o patrón principal do antigo mosteiro dúplice de San Breixo de Arcos⁶⁸, e era polo menos desde o século XVII o padroeiro da capela de Ouvigo, nos Blancos, Ourense, tradicionalmente considerada un dos primeiros lugares documentados de culto cristián na actual Galicia⁶⁹. Tamén é, baixo a forma portuguesa Verísimo, copadroeiro das dioceses de Braga, Porto e Coímbra, e nomea abondas freguesías portuguesas, en especial entre o Douro e o Miño. Na diocese de Astorga podemos citar tamén as parroquias de San Verísimo de Alija del Infantado (León), de Valdeviejas (León) ou de Alcubilla de Nogales (Zamora)⁷⁰. Estamos pois ante un santo de antiga e forte implantación no Noroeste peninsular.

Os irmáns mártires san Breixo ou Verísimo, santa Máxima e santa Xulia, foron executados en Lisboa durante a persecución de Diocleciano⁷¹. Aparecen celebrados en calendarios litúrxicos hispanos desde época visigoda e serán popularizados no resto de Europa polo Martiroloxio do franco Usuardo no século IX⁷².

Todo o anterior permite concluír que, como xa sinalara J. D'Emilio para o caso de Bazar, na diocese lucense produciuse unha confusión entre san Breixo ou Verísimo de Lisboa, mártir, e san Remixio de Reims, bispo, favorecida pola súa celebración litúrxica no mesmo día 1 de outubro e, engado eu, pola forma galega antiga do nome latino *Uerissimus*, Bréixemo ou Bréixome, empregada como vimos no século XIV, que debía ter para algunha autoridade eclesiástica lucense da Idade Moderna, ignorante da lingua galega e dos vellos santoral e calendario litúrxico hispanos altomedievais, unha sonoridade semellante a Remixio. O cambio debeu ter lugar con anterioridade a 1669, cando Andrés de Benavente remata a imaxe de san Remixio en hábito episcopal⁷³ que preside agora o retablo barroco de Liber.

⁶⁵ Moi probablemente é a parroquia citada como *San Vreyxemo de Dorra* en 1261, en José Ángel REY CAÍÑA, *Colección diplomática de Ferreira de Pallares*, tese doutoral inédita, Granada, Universidad de Granada, 1985, doc. núm. 192, páx. 547.

⁶⁶ MÉNDEZ PÉREZ, OTERO PIÑEYRO MASEDA y ROMANÍ MARTÍNEZ, *Chantada...*, doc. núm. 1, páx. 175, e doc. núm. 2, páx. 182.

⁶⁷ San Breixo e santa Máxima, curiosamente sen a súa irmá santa Xulia, están entre os santos cuxas reliquias se veneraban en Ferreira de Pallares na etapa plenomedieval, segundo un inventario de reliquias do mosteiro que o seu editor data nos séculos XII-XIII en REY CAÍÑA, *Ferreira de Pallares...*, doc. núm. 97, páx. 414.

⁶⁸ Pequeno mosteiro, posteriormente unido a San Martiño Pinario, do que conservamos un interesante fragmento do ano 898 dun dos documentos fundamentais de calquera mosteiro altomedieval hispánico, o pacto monástico en Antonio LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, vol. 2, Santiago de Compostela, Seminario Conciliar Central de Santiago, 1899, Apéndice XII, páxs. 42-43.

⁶⁹ GRUPO MARCELO MACÍAS y MUSEO ARQUEOLÓGICO DE OURENSE, “Xacemento capela de San Verísimo”, en *Catalogación do patrimonio cultural da Alta Limia*, Fundación Barrié; Xunta de Galicia [Catálogo en liña], dispoñible en <http://www.altalimia.org/ficha_inmoble.php?id=020112> [Consulta: 23/01/2024]. Máis recentemente a súa datación foi revisada e retrasada ata os séculos X-XII por SÁNCHEZ-PARDO, BLANCO-ROTEA, SANJURJO-SÁNCHEZ y GONZÁLEZ-GARCÍA, “Cronotipología y datación absoluta...”, páxs 95, 101 e 105. Naturalmente, non temos certeza sobre a quen estaría dedicado o templo nos tempos da súa fundación.

⁷⁰ Que na documentación medieval aparecen a miúdo baixo a forma asturleonese San Fresme ou San Bresme, por exemplo Gregoria CAVERO DOMÍNGUEZ, *Colección documental del monasterio de San Esteban de Nogales (1149-1498)*, León, Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”; Caja España de Inversiones; Archivo Histórico Diocesano, 2001 (Colección Fuentes y Estudios de Historia Leonesa, 91), docs. núms. 136, 159 (*San Fresme de Alija*) ou 267 (*San Bresme de Alcubilla*, pero *San Fresme de Alcobilla* en doc. núm. 334, páx. 497).

⁷¹ Emperador romano desde 284 ata 305. A súa *passio* sen embargo parece ser unha obra do século X, nos tempos da súa maior popularidade, segundo o estudo que complementa a súa edición e tradución por Pilar RIESCO CHUECA, *El Pasionario Hispánico*, Sevilla, Universidad de Sevilla, 1995, páxs. 266-269.

⁷² No século IX estaban as súas reliquias na Lisboa andalusí, onde os monxes francos Odelardo e Usuardo as visitaron e tentaron, sen éxito, adquirir unha parte. Hoxe estas reliquias gárdanse no mosteiro lisboeta de Santos-o-Novo.

⁷³ VALIÑA SAMPEDRO, “Liber...”, páx. 396. O Libro 1º de fábrica da parroquia, iniciado en 1668, denomínase sempre como San Remixio.

Polo tanto, estaríamos ante un curioso caso do que poderíamos chamar “deturpación castelanizante por afrancesamento” ou de “afrancesamento castelanizador”. Quen llo ía dicir aos monxes francos Usuardo e Odelardo cando en 858 tentaron conseguir reliquias dos famosos mártires lisboetas Breixo, Máxima e Xulia para levar a Francia!

CONCLUSIÓN

A análise tipolóxica e documental da igrexa de San Remixio de Liber demostra que, malia varias intervencións da Idade Moderna sen excesivas pretensións artísticas, ben documentadas nos libros de fábrica e que afectaron aos muros laterais da nave, á cuberta e aos vans do presbiterio, conserva unha ábsida rectangular de clara filiación prerrománica.

Esta ábsida puido ter alteracións na época románica, en especial no seu muro setentrional, pero o seu limitado calado non modificou a súa esencia construtiva, malia ter levado á maioría dos investigadores anteriores a unha datación errónea en torno a fins do século XII ou inicios do século XIII.

Esta obra presenta unhas características que permiten datala no século X, período de florecemento en Galicia e en todo o Reino de León de igrexas e pequenos mosteiros que pasarán posteriormente a integrarse na rede parroquial e monástica xurdida coa Reforma Gregoriana desde finais do século XI⁷⁴. Os elementos máis característicos que se estudan neste artigo concordan con esta cronoloxía, en especial a clara tendencia cara a ferradura do seu arco triunfal e da bóveda de canón que cubre a ábsida, así coma unha serie de ménsulas exteriores sobre o muro sur con decoracións xeométricas a partires de rosetas, rodas de radios curvos e unha cruz patada, unha ménsula con forma de modillón de rolos xeometrizados no canto, outra aparentemente da mesma tipoloxía pero moi afectada por roturas, e unha ménsula de rolos verticais no muro norte.

O edificio amosa uns paralelos moi claros co outro único exemplo de igrexa prerrománica conservada na bisbarra dos Ancares lucenses, a de Santo André das Nogais, con restos datables no mesmo período histórico e moi próxima a Liber, coa que está unida por un camiño que deberíamos considerar en parte de orixe medieval. Tamén debe ser posta en relación con outras obras non moi distantes no espazo como a capela do Ciprés de Samos, e as parcialmente prerrománicas de Santa María de Loio e San Tomé de Tórdea, e en xeral coa arte prerrománica do século X en Galicia.

Tras un estudo sistemático da documentación dispoñible pódese comprobar tamén que a súa primitiva advocación, San Breixo, compartida coas outras dúas parroquias lucenses dedicadas hoxe a san Remixio, é perfectamente compatible cunha fundación altomedieval.

Polo tanto, este novo exemplo da arte prerrománica galega, ata o momento inxustamente pasado por alto, ven reforzar o papel do século X na configuración da posterior Galicia medieval, que cada vez aparece como máis determinante.

DECLARACIÓN DE CONFLITO DE INTERESES

O autor deste artigo declara non ter conflitos de intereses financeiros, profesionais ou persoais que puideran ter influído de maneira desapropiada neste traballo.

⁷⁴ Ecos lonxanos desta situación pregregoriana semellan ter chegado ata os nosos días na tradición oral local, que fala aínda da presenza dun ou varios ermitáns no inmediato eido de “Casendona”, á beira do Navia xusto baixo o socalco no que se asenta a igrexa, que a usaban como oratorio. Esta tradición local comunicouma don Celestino González.

AGRADECEMENTOS

Como investigador privado, dependo moito da axuda de amigos, familiares, e aínda descoñecidos. Esta investigación non sería posible sen a comprensión dos meus dous grandes amores, María José e Aldara, que levan tempo compartíndome con xente que leva varios séculos morta. Teño que agradecer en especial as indicacións do meu vello amigo o Dr. David Chao Castro, e a axuda dos meus compañeiros e compañeiras do IES Becerreá, a quen mencionei nas notas anteriores, e en especial ao sempre bo e xeneroso Antón Bao Abelleira, que corrixiu amablemente o meu galego pesado e prenmativo, e a Ana Álvarez Vázquez, que igual de amablemente corrixiu o meu terrible inglés. O anterior párroco de San Remixio de Liber, don Celestino González, coa súa amabilidade e boa memoria, aclaroume moitos aspectos que sen el permanecerían escuros para min.

Teño unha gran débeda así mesmo cos revisores anónimos da revista, cuxas aportacións sen dúbida melloraron o artigo, facéndoo máis claro e axeitado desde o punto de vista científico; aínda que as aportacións de todos os revisores foron importantes e tentaron ser incorporadas ao traballo, teño que agradecer en especial a implicación e o tempo adicado a este artigo polo “Revisor/a B”.

BIBLIOGRAFÍA

- Arias Páramo, Lorenzo, *Prerrománico asturiano. El arte de la monarquía asturiana*, Gijón, Ediciones Trea, 1993.
- Blanco Rotea, Rebeca, “Análisis de la iglesia parroquial de Santa María de Castro (Cervantes)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 52, 118 (2005), páxs. 9-38.
- Bonet Correa, Antonio, *Imagen del arte pre-románico asturiano*, Barcelona, Ediciones Polígrafa, 1980.
- Bueno Rocha, José, y Caballero Zoreda, Luis, “De nuevo a propósito de la basílica de Recópolis”, *Archivo español de arqueología*, 62, 159-160 (1989), páxs. 283-291.
- Cabarcos Fernández, Ignacio, “Ménsulas e canzorros medievais no Museo Provincial de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 13 (2006-2008), páxs. 235-252.
- Cabarcos Fernández, Ignacio, “A pervivencia da vía romana XIX na Idade Media e a vertebración da Terra de Cervantes”, *Lucensia*, 64 (2022), páxs. 171-194.
- Castiñeiras López, Javier, *Reforma y tradición en el Románico gallego. Los ejemplos de Rebordáns y Mondoñedo*, León, Universidad de León; Instituto de Estudios Medievales, 2020.
- Cavero Domínguez, Gregoria, *Colección documental del monasterio de San Esteban de Nogales (1149-1498)*, León, Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”; Caja España de Inversiones; Archivo Histórico Diocesano, 2001 (Colección Fuentes y Estudios de Historia Leonesa, 91).
- Chao Castro, David, “San Xes de Francelos”, *Cadernos de Ribadavia*, 6, 4 (2004), páxs. 5-22.
- Colombás, García María, *El Monasterio de Santa María de Sobrado*, León, Editorial Everest, 1992.
- Delgado Gómez, Jaime, *El románico de Lugo y su provincia*, tomo 6, A Coruña, Edinosa, 2006.
- D’Emilio, James, “Los documentos medievales como fuentes para el estudio de las parroquias e iglesias gallegas: el distrito de Monte de Meda (Lugo)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 43, 108 (1996), páxs. 37-95.
- Fernández Cid, Miguel (com.), *Gallaecia Petrea. Natureza, traballo, arte*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 2012.
- Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio, *Colección diplomática do mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2009.
- Franco Grande, Xosé Luís, *Diccionario Galego-Castelán*, Vigo, Editorial Galaxia, 1968.
- Grupo Marcelo Macías y Museo Arqueolóxico de Ourense, “Xacemento capela de San Verísimo”, en *Catalogación do patrimonio cultural da Alta Limia*, Fundación Barrié; Xunta de Galicia [Catálogo en liña], dispoñible en <http://www.altalimia.org/ficha_inmoble.php?id=020112> [Consulta: 23/01/2024].
- Gutiérrez Lloret, Sonia; Lefebvre, Bastien, y Moret, Pierre, “La iglesia altomedieval de la Silla del Papa (Tarifa, Cádiz)”, en Laurent Brassous y Séverine Lemaître (coords.), *La ciudad antigua de Baelo, cien años después de Pierre Paris*, 2017 (Mélanges de la Casa de Velázquez, nouvelle série, 47), páxs. 201-214.
- López Carreira, Anselmo, *Arte e escritura na Galicia medieval. Séculos VI-X*, Vigo, Editorial Xerais, 2019.
- López Ferreiro, Antonio, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, tomo II, Santiago de Compostela, Seminario Conciliar Central de Santiago, 1899.

- Lorenzo Fernández, Joaquín, “La iglesia prerrománica de Santa María de Mixós”, *Boletín Avriense*, 1 (1971), páxs. 75-110.
- Lucas Álvarez, Manuel, *El Tumbo de San Julián de Samos (Siglos VIII-XII)*, Santiago de Compostela, Obra Social Caixa Galicia, 1986.
- Méndez Pérez, José; Otero Piñeyro Maseda, Pablo S., y Romaní Martínez, Miguel, *El monasterio de San Salvador de Chantada (siglos XI–XVI). Historia y documentos*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 2016 (Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, 40).
- Núñez Rodríguez, Manuel, *Historia da Arquitectura Galega. Arquitectura Prerrománica*, Madrid, Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1978.
- Olmo Enciso, Lauro, “Arquitectura religiosa y organización litúrgica en época visigoda: la Basílica de Recópolis”, *Archivo español de arqueología*, 61, 157-158 (1988), páxs. 157-178.
- Pallares Méndez, M^a. del Carmen, *El monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña, 1979.
- Pallares Méndez, M^a. del Carmen, *Ilduara, una aristócrata del siglo X*, Sada, Seminario de Estudos Galegos; Edicións do Castro, 1998.
- Pérez Valiño, Amalia, “Liber”, en José María Pérez González (dir.) e José Carlos Valle Pérez (coord.), *Enciclopedia del Románico. Lugo*, Aguilar de Campoo, Fundación Santa María la Real, 2018, páxs. 685-686.
- Portela Silva, María José, *Documentos da Catedral de Lugo. Século XIV*, vol. 2, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2007.
- Rey Caíña, José Ángel, *Colección diplomática de Ferreira de Pallares*, tese doutoral inédita, Granada, Universidad de Granada, 1985.
- Riesco Chueca, Pilar, *El Pasionario Hispánico*, Sevilla, Universidad de Sevilla, 1995.
- Rivas Fernández, Xoán Carlos, “Algunas consideraciones sobre el prerrománico gallego y sus arcos de herradura geminados”, *Boletín Avriense*, 1 (1971), páxs. 61-126.
- Rivas Fernández, Xoán Carlos, “Vestigios prerrománicos de algunos olvidados monasterios y eremitorios orensanos”, *Boletín Avriense*, 11 (1981), páxs. 49-100.
- Sánchez Pagín, José M., “El conde don Rodrigo Álvarez de Sarria, fundador de la orden militar de Monte Gaudio”, *Compostellanum*, 27, 3-4 (1982), páxs. 373-398.
- Sánchez Pardo, José Carlos; Blanco Rotea, Rebeca, y Sanjurjo Sánchez, Jorge, “Tres arquitecturas altomedievales orensanas: Santa Eufemia de Ambía, San Xés de Francelos y San Martiño de Pazó”, *Arqueología de la Arquitectura* [revista electrónica], 14 (2017), disponible en <<http://dx.doi.org/10.3989/arq.arqt.2017.017>> [Consulta: 10/11/2023].
- Sánchez-Pardo, José Carlos; Blanco-Rotea, Rebeca; Sanjurjo-Sánchez, Jorge, y González-García, Antonio César, “Cronotipología y datación absoluta de iglesias altomedievales en Galicia. Primeros resultados del proyecto EM-CHAHE”, *Hortus Artium Medievalium*, 24 (2018), páxs. 90-104.
- Sánchez-Pardo, José Carlos, y Blanco-Rotea, Rebeca, “Santo Tomé de Tórdea (Castroverde, Lugo). Análisis arqueológico de una iglesia de origen altomedieval”, *Gallaecia. Revista de arqueoloxía e antigüidade*, 37 (2018), páxs. 103-126.
- Valiña Sampedro, Elías, “Liber. Becerreá”, en Elías Valiña Sampedro, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, vol. 3, Madrid, Ministerio de Cultura, 1960, páxs. 396-398.
- Valiña Sampedro, Elías, “Nogales (San Andrés)”, en Elías Valiña Sampedro, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, vol. 4, Madrid, Ministerio de Cultura, 1976, páxs. 368-372.
- Vaquero Díaz, M^a. Beatriz, y Pérez Rodríguez, Francisco Javier, *Colección documental del Archivo de la catedral de Ourense, vol. 1 (888-1230)*, León, Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”; Caja España de Inversiones; Archivo Histórico Diocesano, 2010 (Colección Fuentes y Estudios de Historia Leonesa, 131).
- Yzquierdo Perrín, Ramón, *Galicia. Arte, Tomo 10: Arte Medieval I*, A Coruña, Hércules de Ediciones, 1993 (Proyecto editorial Galicia, dirigido por Francisco Rodríguez Iglesias).
- Yzquierdo Perrín, Ramón, “Ménsula prerrománica de rollos verticales”, en José Manuel García Iglesias (dir.) e M. Calvo Domínguez (coord.), *La Ribeira Sacra, esencia de espiritualidad de Galicia*, Santiago de Compostela, S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2004, páxs. 354-355.